



Concello de Vigo

**JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,**

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente do día 1 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

**16.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE ÁS DOTACIÓNS ECONÓMICAS DOS GRUPOS MUNICIPAIS E CONCELLEIRO NON ADSCRITO. EXPTE. 1632/110 (REXISTRO PLENO 2048/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 27 de xuño de 2019, a Alcaldía-Presidencia somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“O parágrafo segundo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, indica que o Pleno da Corporación, con cargo ós orzamentos anuais da mesma e os efectos da súa actuación corporativa, poderá asignar ós grupos municipais unha dotación económica que constará dun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable en función do seu número de membros.

Constituída a nova Corporación do Concello de Vigo xurdida tralas eleccións locais do 26 de maio, resulta preciso proceder a unha nova consideración da asignación total no seu día acordada e a unha nova redistribución, polo que esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro. Fixar en 98.850,15 € o crédito orzamentario asignado a este gasto (Base 39 das de execución do orzamento).

Segundo. Cada grupo municipal disporá dunha dotación económica en función dun compoñente fixo (1.500,00 €) e outro variable (3.494,45 €) en función do número de membros de cada un deles, sendo a distribución do importe total a seguinte:

G.M. Socialista  $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 20$  [69.888,80 €] = 71.389,00 €

G.M. Popular  $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 4$  [13.977,76 €] = 15.477,80 €

G.M. Mixto  $1.500,00 \text{ €} + 3.494,45 \times 2$  [6.981,10 €] = 8.489,10 €

Concelleiro non adscrito, compoñente variable 3.494,45 €

Terceiro. As dotacións o son sen prexuízo dos medios materiais necesarios, artigo 27 do R.D. 2568/1986, de 26 de novembro.

Cuarto. As dotacións non se poderán destinar ao pagamento de remuneracións de persoal ou á adquisición de bens que constitúan activos fixos patrimoniais.

Quinto. Os grupos municipais levarán unha contabilidade específica de dotación



asignada que porá a disposición do Pleno sempre que este o solicite.

Sexto. No suposto de existencia de concelleiros/as non adscritos, estes non percibirán cantidade algunha en concepto de “compoñente fixo”.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.  
am

Vº e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/07/2019 12:22

Páxina 2 de 2

Expediente 1632/110

CSV: 23EAC2-23373C-5CE2CD-LGFC2W-1NG6A9-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>